



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 14 de outubro de 2021 (1090/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego (online)  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font (online)  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira (online)  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (online)  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catorce de outubro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(897).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 30 de setembro e extraordinaria e urxente do 4 de outubro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(898).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA EN BASE Á ORDE DO 6 DE SETEMBRO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES "SUBVENCIÓNS A CORPORACIÓNS LOCAIS PARA PROGRAMAS DE EMERXENCIA SOCIAL E INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA, INMIGRANTE E OUTRAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN". EXPTE. 226399/301.**

Visto o informe de fiscalización do 7/10/21, dáse conta do informe-proposta de data 6/10/21, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e polo asesor xurídico adscrito á Xefatura de Benestar Social, que di o seguinte:

I.1. O 17 de setembro de 2021 publicouse a “ORDE do 6 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, susceptible de ser financiada con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS623C).”

I.2. Tipoloxía das subvencións:

1. Programas dirixidos á inclusión sociolaboral de colectivos vulnerables, que poden adoptar as seguintes tipoloxías:

- b) Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante.
- c) Programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social.
- d) Programas específicos dirixidos a persoas sen fogar.

2. Así mesmo, serán subvencionables os programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos a familias en situación ou risco de exclusión social

Cada tipoloxía de programa será solicitada no seu correspondente anexo (do III aoVI), en que se sinalará a intervención social que se realizará e as súas accións complementarias, nas cales se especificará a natureza destas e demais datos relevantes para a resolución que lle sexan exixidos.

I.3 O Concello de Vigo xestiona programas incluídos na tipoloxía 1b, 1c e 1d así como na tipoloxía 2.

I.4 Entendemos que o Concello de Vigo cumpre cos requisitos para solicitar a subvención nas tipoloxías anteriormente citadas.

I.5. Entre a documentación a presentar se inclúe “Certificación da entidade en que conste o acordo ou resolución da entidade local de solicitar a subvención”.

I.6. Polo anteriormente exposto propono se inicie expediente para a solicitude da subvención o abeiro da Orde do 6 de setembro de 2021.

#### PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, a adopción do seguinte,

«ACORDO



## Concello de Vigo

PRIMEIRO: Solicitar a subvención ao abeiro da “ORDE do 6 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, susceptible de ser financiada con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS623C).”

Con todo, a XGL decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(899).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CHALECOS ANTIBALA PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 71430/212.**

Visto o informe de fiscalización de data 07/10/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada con data 06/10/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar o expediente de contratación para o subministro de chalecos antibalas, anticoitelos e antipunzón de uso externo para o servizo da Policía Local cos seus pregos de Prescripcións Técnicas Particulares e de Cláusulas Administrativas Particulares.*

*2º.- Aprobar o gasto, por un importe máximo de licitación de 205.069.28 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2219904 (ADQUISICIÓN CHALECOS ANTIBALA).*

*Dacordo coas anualidades previstas no apartado 2.2 da memoria económica, a imputación do prezo do contrato é a seguinte:*

- Ano 2021: 197 chalecos antibala por importe máximo de 132.890,29 IVE engadido.
- Ano 2022: 107 chalecos antibala por importe máximo de 72.178,99 € IVE engadido.

*3º.- Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación aberto, de tramitación ordinaria”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 17 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de setembro de 2021, de USIS GUIRAO, S.L. por non cumprir o prego de prescricións técnicas particulares “en canto ao estándar de protección balística e un dos estándares de protección contra ataques con obxectos punzo cortantes” (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2.B “Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas, tanto a documentación do sobre B, como no seu caso, as mostras presentadas no sobre D”).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	GUARDIAN HOMELAND SECURITY, S.A.	100

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GUARDIAN HOMELAND SECURITY S.A. (A-84.650.720), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), agás a acreditación da solvencia económica e o certificado ISO 9001:2015 porque xa foron presentados con motivo da emenda do Sobre A. Aclárase que os certificados presentados para acreditar a solvencia técnica non se poden ter e conta porque ao non incluír o ano de execución da prestación non permiten acreditar a realización de subministros similares dentro dos tres últimos anos como esixe a citada cláusula 8.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GUARDIAN HOMELAND SECURITY S.A., o día 17 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 26 de setembro de 2021, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 30 de setembro de 2021 acordou conceder un prazo de tres días a GUARDIAN HOMELAND SECURITY S.A. para que puidese emendar a solvencia técnica de acordo coas esixencias recollidas na cláusula 8.5.3º do PCAP.

Durante o prazo concedido, o 4 de outubro, o licitador presentou nova documentación.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 6 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GUARDIAN HOMELAND SECURITY S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GUARDIAN HOMELAND SECURITY S.A., de conformidade co informe de valoración do sobre D "Mostras" de data 10 de setembro de 2021 e o acordo da Mesa do 18 de setembro polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de setembro de 2021, de USIS GUIRAO, S.L. por non cumprir o prego de prescricións técnicas particulares “en canto ao estándar de protección balística e un dos estándares de protección contra ataques con obxectos punzo cortantes” (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2.B “Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas, tanto a documentación do sobre B, como no seu caso, as mostras presentadas no sobre D”).*
2. *Adxudicar a GUARDIAN HOMELAND SECURITY S.A. (A-84.650.720) o procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212) por un prezo total de 205.069,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 35.590,54 euros e un prezo unitario de 673,97 euros (sendo a cota correspondente ao IVE de 116,97 euros) e coas seguintes condicións:*
  - a) *Oferta un chaleco con espesor do panel balístico inferior a 7,5 mm (panel balístico coa súa funda antihumidade), mantendo o nivel de protección reseñado no PPT, sendo o espesor de 6,95 mm.*
  - b) *Oferta un chaleco con menor peso do conxunto do chaleco completo (paneis balísticos na súa funda protectora de humidade) para unha talla L, inferior a 2.200 gr. +-3%, mantendo o nivel de protección reseñado no PPT, sendo o seu peso 2.035 gramos.*
  - c) *O chaleco ten protección balística para munición calibre 12/70 con bala tipo Brenneke con proxectil 32 gramos de peso.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(900).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 87033/250.**

Visto o informe de fiscalización de data 07/10/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada con data 06/10/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación



## Concello de Vigo

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (87.033-250)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (87.033-250)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 29 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de “RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO”.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, o Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas en data 11/05/2021.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación de data 29/06/2021.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (200.872,58 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 18.261,14 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a distribución de anualidades (IVE incluído) proposta.*

2021	50.218,15 €
2022	100.436,29 €
2023	50.218,14 €

TOTAL	200.872,58 €
-------	--------------

*Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (87.033-250) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.	100,00
2	TOCA SALGADO, S.L.	57,93

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. (B-36.179.299), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., o día 17 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 1 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 6 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).





## Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 13 de setembro de 2021.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. (B-36.179.299) o procedemento aberto para a contratación do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (87.033-250) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 200.872,58 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.261,14 euros.*
- b) Propón unha porcentaxe única de desconto do 13,24 % a aplicar aos prezos unitarios do cadro de prezos do Capítulo I do orzamento recollido no Anexo IV do prego de prescricións técnicas particulares.*
- c) Propón unha redución do tempo de resposta no servizo para a retirada dos residuos non perigosos de 36 horas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(901).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DOS EQUIPOS XERADORES DE CALOR DE AQS DAS SALAS TÉRMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E**

## **ADAPTACIÓN DOS ELEMENTOS NECESARIOS NA PISCINA DE TEIS E NO PAVILLÓN CENTRAL DAS TRAVESAS, INCLUÍDO NESTE ÚLTIMO O MANTEMENTO DURANTE O PERÍODO DE GARANTÍA. EXPTE. 3892/611.**

Visto o informe de fiscalización de data 06/10/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada con data 06/10/21, que di o seguinte:

### 11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación, por finalización da vida útil, dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía (3.892-611)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación, por finalización da vida útil, dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía (3.892-611)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 22 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria de SUBMINISTRO E INSTALACIÓN, POR FINALIZACIÓN DA VIDA ÚTIL, DOS EQUIPOS XERADORES DE CALOR DE AQS DAS SALAS TÉRMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E ADAPTACIÓN DOS ELEMENTOS NECESARIOS NA PISCINA DE TEIS E NO PAVILLÓN CENTRAL DAS TRAVESAS, INCLUÍDO NESTE ÚLTIMO O MANTEMENTO DURANTE O PERÍODO DE GARANTÍA.*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescriccións Técnicas Particulares de data 23 de xuño do 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 23 de xuño do 2021, correxido con data 7 de xullo do 2021 pola Xefa do Servizo de Contratación.*



## Concello de Vigo

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 169.999,37 euros con iva, sendo o IVE 29.504,02 .*

*O contrato financiarase con cargo ós créditos de remanentes incorporados do Concello de Vigo do ano 2020, na partida orzamentaria 3420.6230000 " Caldeiras e equipos técnicos en instalacións deportivas" 170.000,00 euros.*

*Os códigos dos proxectos son os seguintes:*

*21337006, REM1 51216: Lote 1, proxecto: Caldeiras Pavillón Central: Complexo das travesas: .: 132.005,37 euros.*

*21337007, REM1 51217: Lote 2, proxecto: Caldeiras Piscina de Teis: 37.994,00 euros*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación, por finalización da vida útil, dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía (3.892-611) na seguinte orde descendente:*

*- Lote 1: Pavillón Central-Complexo Deportivo das Travesas*

	<b>LICITADOR</b>	<b>Puntuación</b>
1	COSTAS Y OTERO, S.L.	100,00
2	BELENUS-NATUR, S.L.U.	94,95
3	JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.U.	82,59
4	COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A.	79,25
5	INSTALACIONES NATURGAS, S.L.	74,44

*- Lote 2: Piscina de Teis*

	<b>LICITADOR</b>	<b>Puntuación</b>
1	COSTAS Y OTERO, S.L.	100,00
2	BELENUS-NATUR, S.L.U.	93,77
3	INSTALACIONES NATURGAS, S.L.	88,18
4	JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.U.	80,30

	<b>LICITADOR</b>	<b>Puntuación</b>
5	COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A.	52,33

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, COSTAS Y OTERO, S.L. (B-36.749.075), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, COSTAS Y OTERO, S.L., o día 24 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 1 e 5 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 6 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COSTAS Y OTERO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COSTAS Y OTERO, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 21 de setembro de 2021.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



## Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a COSTAS Y OTERO, S.L. (B-36.749.075) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación, por finalización da vida útil, dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía (3.892-611) coas seguintes condicións:*

*- Lote 1: Pavillón Central-Complexo Deportivo das Travesas*

- a) O prezo total deste lote é de 102.885,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.856,11 euros.*
- b) Propón para o lote 1 un incremento do prazo de garantía dos equipos subministrados, respecto do mínimo esixido no PPT (36 meses), de 5 anos, o que suporá o incremento do período de mantemento durante todo o prazo ofertado.*

*- Lote 2: Piscina de Teis*

- c) O prezo total do contrato é de 32.385,67 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.620,65 euros.*
- d) Propón para o lote 2 un incremento do prazo de garantía dos equipos subministrados, respecto do mínimo esixido no PPT (36 meses), de 5 anos.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(902).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 23102/332.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 6/10/21, dáse conta do informe-proposta do 04/10/21, asinada pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 9 de febreiro de 2021, o concelleiro delegado de Educación resolveu “Iniciar o expediente administrativo para a contratación do mantemento dos sistemas de alarma

contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado pola xefa do Servizo de Educación en data 09/02/2021.
- Resolución do concelleiro de Educación de 09/02/2021, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica, redactada polo Servizo de Educación de data 28/05/2021, conformada polo concelleiro de Educación en data 30/05/2021.
- Documento económico de certificado de créditos (RCFUT 202100054201), de 01/06/2021.
- Declaración das redactoras do Prego técnico, do 14/06/2021.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 14/06/2021, redactado pola enxeñeira técnica industrial e pola xefa do Servizo de Educación.
- Memoria Xustificativa de data 21/09/2021, redactada polo Servizo de Educación.
- Informe de data 27/08/2021 do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 22/09/2021, redactado polo Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

**Obxecto:** O obxecto do presente contrato é a prestación do servizo de vixilancia mediante sistema de alarmas antirroubo e intrusión conectadas a central receptora de alarmas (CRA), o mantemento integral tanto preventivo como correctivo dos equipos de seguridade contra roubo e intrusión e o servizo de custodia de chaves e acuda nos colexios públicos de educación infantil e de educación primaria, escolas municipais e outros centros dependentes do Servizo de Educación. Os centros e número de alarmas relaciónanse no ANEXO I do PPT.

**Duración:** Dous (2) anos, coa posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha.

**Prezo:** O prezo do contrato estímase en 107.744,45 euros (89.045,00 euros máis 18.699,45 euros en concepto de IVE a soportar pola administración).

**Aplicación orzamentaria:** 3230.227.9901 “Central de alarmas”.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). A resolución, segundo o artigo 117 da LCSP, deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.



## Concello de Vigo

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobado a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de vixilancia mediante sistema de alarmas antirrobo e intrusión conectadas a central receptora de alarmas (CRA), do mantemento integral tanto preventivo como correctivo dos equipos de seguridade contra roubo e intrusión e o servizo de custodia de chaves e acuda nos colexios públicos de educación infantil e de educación primaria, escolas municipais e outros centros dependentes do Servizo de Educación.

2º.- Aprobado o Prego de prescricións técnicas de 14/06/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 22/09/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobado o gasto por importe de 107.744,45 euros IVE incluído (53.872,23 € no exercicio orzamentario 2022 e 53.872,22 € no exercicio 2023) para a contratación dos servizos de seguridade dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo, por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9901 (Central de alarmas).

O valor estimado do contrato estipúlase en 186.994,50 euros, tendo en conta as dúas posibles prórrogas.

4º.- Acordado a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(903).- DAR CONTA DO INICIO DA ACTIVIDADE NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BEMBRIVE. EXPTE. 24925/332.**

Dáse conta do informe-proposta de data 07/10/21, asinado pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en de data sesión 28 de decembro de 2017, aprobou o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Amancio Ortega (FAO) para a construción pola Fundación en terreos de titularidade municipal, dunha escola infantil de seis unidades para nenos de 0 a 3 anos así como a dotación do mobiliario e material didáctico. En data 8 de xaneiro de 2018 asinouse o Convenio entre as citadas partes.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de abril de 2018, aproba a posta a disposición (cesión temporal) a favor da Fundación unha parcela de titularidade municipal de 3542,00 m<sup>2</sup> localizada no camiño Areeiro s/n Bembrive, referencia catastral 54057A10200165.

En data 6 de outubro de 2020 a Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante Resolución acorda outorgar á FAO licenza de primeira ocupación da edificación situada en camiño Areeiro para o seu destino a centro de Educación Infantil. O centro configúrase de seis unidades, dúas de 0-1 anos, dúas de 1-2 anos e dúas de 2-3 anos, para un total de 82 alumnos.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 3 de decembro de 2020 acordou:

*"Primeiro. Entender concluída a posta a disposición de terreos acordada en sesión da Xunta de Goberno Local de data 5.04.2018.*

*Segundo. Recuperar a posesión da parcela de titularidade municipal de 3.542,00 m<sup>2</sup> localizada no camiño do Areeiro s/n (Bembrive), referencia catastral 54057A10200165, o concluír os traballos de construción da Escola Infantil Municipal realizados pola Fundación Amancio Ortega en virtude do Convenio de Colaboración subscrito en data 8.01.2019.*

*Terceiro. Aceptar a doazón que realiza a Fundación Amancio Ortega respecto do edificación (Escola Infantil Municipal) existente en parcela de titularidade municipal localizada no camiño Areeiro s/n, Bembrive, Vigo, referencia catastral 54057A10200165, para o seu destino a centro de educación infantil.*

*O centro configúrase de 6 unidades, dúas de 0-1 anos, dúas de 1-2 anos e dúas de 2-3 anos, para un total de 82 alumnos.*

*Cuarto. Recibir materialmente a edificación (Escola Infantil) procedendo, sen prexuízo da formalización da doazón en escritura pública, a subscrición da Acta de Recepción mencionada no Convenio de colaboración.*

*Quinto. Aceptar a doazón que realiza a Fundación Amancio Ortega respecto do equipamento inicial de mobiliario e material didáctico destinado á Escola Infantil Municipal do Camiño Areeiro s/n, en Bembrive, Vigo segundo relacións de bens [listados] que constan no Expediente.*

*Sexto. Dar traslado do presente acordo o Servizo de Patrimonio o obxecto da realización dos trámites de formalización da doazón do ben inmovible en escritura pública e obxecto de integrar a edificación (Escola Infantil) no patrimonio do Concello procedendo a súa alta no Inventario Municipal de Bens.*

*Sétimo. Dar traslado deste acordo á Concellería de Educación o fin da xestión da posta en funcionamento da dotación educativa, Escola Infantil, debendo dar conta singularizada a esta Xunta de Goberno Local do inicio da actividade.*

*Oitavo. Notificar o presente acordo á Fundación Amancio Ortega."*

En data 16 de abril de 2021, iniciase a tramitación do expediente de solicitude de autorización de inicio da actividade da escola infantil municipal Bembrive (expte. 24925-332).

En data 3 de setembro de 2021, recíbese no Servizo de Educación "Resolución de autorización de creación e de inicio de actividades de centros de Servizos Sociais" co número de rexistro E-638-C-18, coa seguinte distribución:

2 unidades para nenos/as menores de 1 ano: 8 + 8 prazas  
2 unidades para nenos/as de 1 a 2 anos: 13 + 13 prazas  
2 unidades para nenos/as de 2 a 3 anos: 20 + 20 prazas  
Total número de prazas: 82

O luns 6 de setembro de 2021, iniciouse o curso escolar 2021/2022 na escola infantil municipal Bembrive, coas seguintes aulas abertas:

1 unidade do Aula 0-1 anos con 4 alumnos/as  
2 unidades do Aula 1-2 anos con 26 alumnos/as  
1 unidade do Aula 2-3 anos con 8 alumnos/as

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 3 de decembro de 2020 "Doazón pola Fundación Amancio Ortega de escola infantil no camiño do Areeiro





## Concello de Vigo

*(Bembrive) e doazón do mobiliario e do equipamento da escola" Expte. 1472/110, no seu punto sétimo, dáse conta á Xunta de Goberno Local do inicio da actividade la Escola Infantil Municipal Bembrive nos termos expostos neste informe.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(904).- CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE VIGO PARA OS PROGRAMAS "NADAL 2021" "CABALGATA DE REIS 2022" E "ENTROIDO 2022". EXPTE. 8936/335.**

Visto o informe xurídico de data 05/10/21, dáse conta do informe-proposta do 24/09/21, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais.

Por outra banda, cada vez é máis habitual a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Neste senso o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades ás que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propoñendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

A estos efectos a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020 prestou aprobación da modificación das bases reguladores e convocatorias de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo que modificou as bases aprobadas en data 28/07/2017 e 04/07/2019 (expte. nº 7063-335).

As bases reguladoras teñen por obxecto baixo o cumprimento dos principios de publicidade e concorrência establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan no seguintes programas (Anexo I das Bases):

### **1.- CABALGATA DE REIS**

### **2.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL**

### **3.-ENTROIDO**

### **4.-PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”**

### **5.- SAMAÍN**

A publicación das convocatorias con conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas está establecido na base SÉTIMA das bases reguladoras:

- Para o programa “**Actividades de Nadal**” o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- Para sendo para os programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

Procede a aprobación da convocatoria dos programas **NADAL 2021, CABALGATA DE REIS E ENTROIDO 2022.**

Polo polo exposto, previo informe xurídico, sométese á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte **INFORME PROPOSTA**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria do programa: “ **NADAL 2021, CABALGATA DE REIS 2022 E ENTROIDO 2022**”

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo dos Programas “**NADAL 2021, CABALGATA DE REIS 2022 E ENTROIDO 2022**” no BOP de Pontevedra, taboleiro de edictos e páxina web do Concello de Vigo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

CONVOCATORIA PARA OS PROGRAMAS: “NADAL 2021” E “CABALGATA DE REIS 2022” E “ENTROIDO 2022” DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCE- LLO DE VIGO.

**Expediente nº 8936-335**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

A estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral organizadas polo Concello de Vigo, conform as BASES REGULADORAS aprobadas pola Xunta de Goberno local en datas 28/07/2017, 04/07/2019 e 16/10/2020, e da convocatoria anual.

**SEGUNDO.- ACTIVIDADES OBXECTO DE COLABORACIÓN.** Poderán ser obxecto de colaboración as actividades municipais relacionados no **Anexo I** das BASES REGULADORAS:

1. CABALGATA DE REIS
2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL
3. ENTROIDO

### **TERCEIRO.- ENTIDADES COLABORADORAS.**

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incorridas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

### **CUARTO.- MODALIDADES DAS ACHEGAS**

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como **en especie** nos supostos legalmente establecidos. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto de colaboración. Sempre que a actividade obxecto de colaboración o permitan, as achegas poderán proceder de varias entidades colaboradoras. En tales casos, cada entidade formalizará o seu respectivo convenio de colaboración segundo o modelo do **Anexo II** desta convocatoria.

### **QUINTO.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

A publicación das convocatorias conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada

unha das actividades, será no BOPPO e na páxina web municipal con arranxo ao calendario recollido na base SÉTIMA:

- Para o programa “**Actividades de Nadal**” o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- Para sendo para os programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de **10 días naturais** contados dende o día de publicación no BOPPO .

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

Recibidas as propostas nos prazos das respectivas convocatorias, procederase a avaliación das mesmas, así como da documentación presentada polos interesados. En caso de concorrencia de varias entidades, a prioridade determinarase de acordo aos criterios establecidos na base novena e de acordo coa puntuación establecida no punto sétimo da convocatoria anual.

Todo isto farase mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto no **Anexo III desta convocatoria**

#### **SEXTO.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTER AS BASES E FORMULARIOS:**

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e servizo de Festas dende o día da publicación no BOPPO.

#### **SÉTIMO.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS.**

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e polo Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente o Concelleiro delegado da Área e como secretario/a un técnico/a do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.



## Concello de Vigo

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

1.- Avaliación para achegas monetarias: ata 10 puntos.

- a A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos
- b Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao publico destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.
- c Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.
- d Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.

2.- Avaliación para achegas en especie: ata 10 puntos.

- a A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.
- b Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao publico destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos
- c A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.
- d Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.
- e Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto

### ANEXO I

Con motivo da situación actual de emerxencia sanitaria o desenvolvemento das actividades programadas está suxeita ao cumprimento de determinadas medidas preventivas en materia COVID establecidas pola Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral técnica da Consellería de Sanidade e posteriores modificacións.

Polo que o programa exposto pode sufrir modificacións ou cancelacións.

#### **ACTIVIDADES E PROGRAMAS OBXECTO DE COLABORACIÓN POR ENTIDADES PRIVADAS.**

##### **1.- CABALGATA DE REIS 2022:**

Descrición da actividade: Organización e desenvolvemento da Cabalgata de Reis que ten lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro de 2021:

Data e hora: 5 de xaneiro as 18,00 horas Percorrido: Por determinar

Temática: **OS MUNDOS DE VERNE E AS VIAXES MÁXICAS**

Forma de colaboración: **Achegas en especie** (carroza, animación infantil o calquera outra actividade de interese xeral relacionada co evento).

Prazo de presentación de solicitudes: o establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

## 2.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL 2021-2022.

Descrición da actividade: Eventos socioculturais infantís, familiares e e público xeral desenvolvidos entre o 18 de decembro e o 10 de xaneiro.

Datas e horarios: sen determinar.

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** para colaboración na realización de obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar ou infantís, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación de Nadal.

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA.

## 3.-ENTROIDO 2022

Descrición da actividade: Programa de actividades relacionadas co Entroido vigués: Concur-  
sos, desfiles, concertos, entronización e enterro do Meco, carreira popular, calquera outra  
actividade de interese xeral relacionada co Entroido.

Datas e horarios: determinaránse coa aprobación da programación anual

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** (obradoiros, animacións, es-  
pectáculos de carácter familiar, infantís ou de público xeral, concertos de música, o calquera  
outra actividade de interese xeral relacionada coa programación do Entroido).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e  
na base SÉTIMA .

### NOME DA ENTIDADE:

.....

CIF.....ENDEREZO.....

.....

LOCALIDADE.....CÓDIGO

POSTAL.....

### NOME DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDA-

DE:.....

NIF.....TELÉFONO DE

CONTACTO.....

CORREO ELECTRÓNICO .....

.....

### ACTIVIDADE/S OU PROGRAMA/S OBXECTO DE COLABORACIÓN:

- **PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL 2021-2022:**



## Concello de Vigo

- CABALGATA DE REIS 2022:
- ENTROIDO 2022:

### FORMA DE COLABORACIÓN:

- **MONETARIA:** IMPORTE DA ACHEGA:.....
- **EN ESPECIE:** VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA .....

\* Anexar memoria nos casos de achegas en especie e para outras propostas non incluídas no programa anual.

En ....., a .....de.....de 20....

Asdo.:

**EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO**

**9(905).- IMPOSICIÓN DE SANCIÓN NO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO A EMPREGADO MUNICIPAL DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 37160/220. <sup>1</sup>**

**10(906).- PRÓRROGA DO PROGRAMA “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” E NOMEAMENTO INTERINO AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 38397/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 08/10/21, dáse conta do informe-proposta do 06/10/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 21/06/2018 aprobou o Programa “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”. Expte. 15311/77 e en sesión extraordinaria e urxente de 21/12/2018 aprobouse a proposta de aceptación da subvención concedida pola Dirección xeral de cooperación autonómica e local para o proxecto “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”. Expte. 15311/77.

II.- Por acordo de Xunta de Goberno local de 05/09/2019 se adoptou acordo para “Nomear funcionarios/as interinos/as por execución do programa de carácter temporal “Vigo pola inserción laboral”, por un período máximo de dous anos e medio\_2,5 (dende o 16/08/2019

1 Omítese o texto do acordo de conformidade coa “Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos personales y garantía de derechos personales”..

-data prevista do nomeamento- ata o 31/12/2021 -data do remate do programa) finalizando en todo caso ao rematar o programa, unha Técnica de xestión e unha Auxiliar de administración xeral.”

### III.- Consta no expediente:

- Solicitud de prórroga de programa de Vigo pola inserción laboral (expte 18347-77) e dos nomeamentos interinos vinculados ao referido programa, asinado pola técnica de xestión de desenvolvemento local e emprego e conformados pola concellaría competente;
- Solicitud de nomeamento interino con cargo ao devandito programa dunha persoa coa categoría de Auxiliar de Administración Xeral, logo da renuncia da funcionaria interina anteriormente nomeada (expte 18579-77 reiterado 18669-77), asinado pola xefatura de participación cidadá e desenvolvemento local e conformados pola concellaría competente.
- Informe de cuantificación económica do gasto a incidencia do mesmo no capítulo I.

IV.- En base ao anterior a concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, ordenou *“Incoar expediente administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación para o sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local da prórroga por doce meses do Programa temporal “Vigo pola inserción laboral” e dos nomeamentos interinos vinculados ao mesmo, e nomeamento interino dun/dunha Auxiliar de Administración Xeral para o devandito programa, logo da renuncia da funcionaria interina anteriormente nomeada”*

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Prórroga do “PROGRAMA DE VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”.

Segundo consta na solicitude recibida referida nos antecedentes de este informe *“...Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia. A situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 constitúe unha crise sanitaria sen precedentes e de enorme magnitude tanto polo moi elevado número de cidadáns afectados como polo extraordinario risco para os seus dereitos. Dada a especial incidencia que o COVID-19 ten en España, o Goberno ditou o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no que contempla unha serie de medidas dirixidas a protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública.*

*O estado de alarma non permitiu, con carácter xeral, iniciar e/ou continuar a execución da formación presencial, tal e como esta modalidade se atopaba regulada na actualidade, o que afectou a un importante número de accións formativas, entre elas, ao proxecto “Vigo pola inserción laboral”.*





## Concello de Vigo

*Mediante Resolución da Directora Xeral de Cooperación Autonómica e Local, do 5 de agosto de 2020, aprobáronse medidas para afrontar o impacto da crise sanitaria causada por Covid-19 na execución de proxectos cofinanciados coa axuda AP POEFE do Fondo Social Europeo, previsto no Programa operativo de emprego, formación e educación, dirixido ás entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables, entre elas, tal e como establece o seguinte literal no seu artigo 7:*

*“Séptimo. Plazo de execución de los proyectos.*

*Las entidades beneficiarias tendrán de plazo para realizar las actuaciones de los proyectos subvencionados hasta el 31 de diciembre de 2022. Las ampliaciones de plazo que en su caso se pudieran conceder, en ningún caso podrán exceder del 31 de marzo de 2023.”*

*Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de xuño de 2021, adoptou o acordo de modificación do contrato de servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (Expediente 6618/241) en virtude da cal, deixase sen efecto a limitación temporal establecida no apartado 4.A da FEC (30 de setembro de 2021) por mor da Resolución de 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se adoptan medidas para facer fronte ao impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 na execución dos proxectos financiados pola convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables...”*

### **II.- Nomeamentos interinos e prórroga dos mesmos.**

II a) Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

#### II b) Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonante ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.



## Concello de Vigo

Consecuencia da prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora, procede a prórroga dos nomeamentos interinos solicitados, vinculados ao programa. Na actualidade, logo da renuncia da auxiliar administrativa nomeada, está a desenvolver o programa unicamente D<sup>a</sup> M. Santero García, Técnica en Xestión Económica do Concello de Vigo.

Con respecto a auxiliar administrativa nomeada, procede a substitución da mesma constando informe de verificación administrativa segundo o cal: "Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento interino como Auxiliar administrativo/a por programa de carácter temporal a, V. Rodríguez Pérez con DNI: \*\*\*2479\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 16/07/2021 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate da prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 31/12/2022.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II c) Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica que obra no expediente unido (18347-77), resulta precisa a prórroga polo prazo máximo legalmente establecido de doce meses máis. Nos remitimos ao punto I dos Fundamentos xurídicos de este Informe.

Así mesmo na instrución de servizo do concelleira-delegada competente en materia de persoal, de data de sinatura electrónica, resulta acreditada a urxencia do nomeamento propos-

to, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

II d) Proposta de gasto:

De acordo co informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente os nomeamentos interinos propostos supón o coste seguinte:

Cód. 138-AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL (1 POSTO)

Custo Total Proposta ( 1 posto) // Ano 2021		Periodo - (11-10/2021 a 31/12-2021)- POSTO – 2,70 meses	1
Retribucións totais	24.301,16 €	5.467,76 €	
Seguridade Social	7.822,74 €	1.760,12 €	
Total	32.123,90 €	7.227,88 €	

O custe deste novo nomeamento xa foi informado e fiscalizado pola Intervención Xeral con ocasión da aprobación do expediente 34496/220, trámites 90, 93 e 94 do mesmo, con cargo a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2021, polo que non ten ningunha repercusión nesta aplicación orzamentaria no presente exercicio.

CUADRO RESUMO CUSTE TOTALIDADE PRÓRROGA PROGRAMA 1 ANO ( 01/01/2022 A 31/12/2022 – 2 POSTOS-TÉCNICO/A DE XESTIÓN / AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL

CUSTE TOTAL PROPOSTA	Periodo ( 01/01/2022 a 31/12/2022) – UN ANO x 2 postos-
Retribucións totais	65.666,18 €
Seguridade Social	21.051,24 €
TOTAIS 5 POSTOS	86.717,42 €

Con respecto ao apartado I.a) pronunciamento expreso de si hai ou non dispoñibilidade orzamentaria para afrontar os custes retributivos e de seguridade social, infórmase que o custo da referida prórroga do nomeamento formalizado en data 09/09/2019 e posterior nomeamento no caso da auxiliar de administración xeral a substituír, imputarase a aplicación



## Concello de Vigo

orxamentaria 92001400000 do orzamento do vindeiro exercicio económico 2022 no que respecta a custes retributivos, e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

A aprobación do presente expediente levaría consigo a incorporación dun novo AFUT para o vindeiro exercicio 2022, por importe de 65.666,18€ e outro por importe de 21.051,24€ en concepto de seguridade social correspondente ao ano 2022.

#### IV. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sra. Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 16/04/2021 e 22/04/2021, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

I.- Prorrogar, en base aos informes que constan no expediente, por 12 meses (ata o 31/12/2022), o Programa "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL", aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 21/06/2018 Expte. 15311/77.

II.- Nomear como persoal funcionario interino por execución de programa temporal (substitución do anterior), ata a data de finalización do programa-31/12/2021-, e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a V. Rodríguez Pérez con DNI: \*\*\*2479\*\*, na súa condición de seguinte integrante da lista, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 16/07/2021 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

III.- Prorrogar, en base aos informes emitidos no expediente, os nomeamentos do persoal funcionario interino nomeado para a execución do programa de carácter temporal referido no punto I:

- M. Santero García, con DNI: \*\*\*0973\*\*
- V. Rodríguez Pérez, con DNI: \*\*\*2479\*

#### IV.- Autorizar o gasto total:

a) Nomeamento 1 auxiliar administración xeral (11-10/2021 a 31/12-2021)- 7.227,88 €, das que 5.467,76 € corresponden a retribucións e, 1.760,12 € a custes de seguridade social.

b) Prorroga do programa ( 01/01/2022 a 31/12/2022) e dos nomeamentos interinos vinculados ao mesmo - 86.717,42 €, das que 65.666,18 € corresponden a retribucións e, 21.051,24 € a custes de seguridade social.

Todo elo con cargo á aplicación orxamentaria 92001400000 do orzamento do vindeiro exercicio económico 2022 no que respecta a custes retributivos, e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

**V.-** Dispoñer que a referida prórroga dos nomeamentos, faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (31/12/2022) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: técnico de xestión (posto cod.179), e auxiliar de admon xeral (posto cod.138).

**VI.-** Establecer que a xornada laboral dos citados funcionarios interinos desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**VII.-** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, á Xefatura de participación cidadá e desenvolvemento local, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación a Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(907).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL. FASE I". EXPTE. 976/441.**

Visto o informe xurídico do 14/09/21 e o informe de fiscalización do 06/10/21, dáse conta do informe-proposta do 14/09/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

**1º.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 22.06.2017 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de humanización da rúa Romil Fase I, a prol da empresa ORDENACIÓN TERRITORIAL, INFRAESTRUTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. (OTIMA).

**2º.-** A empresa ORDENACIÓN TERRITORIAL, INFRAESTRUTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. presentou borrador de proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I",



## Concello de Vigo

redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago Javier Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvo cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENA E NOVE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.229.999,99 € ) e data maio de 2021.

**3º.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 25.06.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 25 e 28 de xuño de 2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16.07.2021 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I", redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago Javier Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENA E NOVE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.229.999,99 € ) e data maio de 2021. (Expte. 3620-443).

**4º.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión 10 de setembro de 2021, acordou entre outros asuntos:

*"Rectificar o erro no Acordo da Xunta de Goberno de data 16 de xullo de 2021 no referente a autoría da redacción do proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I", polo que o mesmo debera figurar como segue:*

*"Aprobar o proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I", redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago Javier Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENA E NOVE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.229.999,99 €) e data maio de 2021."*

**5º.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16/07/2021 que se corresponde co expediente administrativo 3620/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago Javier Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvo, con data maio de 2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 20/07/2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20/07/2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26/07/2021.
- E) Certificado de existencia de crédito (RC Nº 202100071945) asinado polo Director Superior Contable en data 27/07/2021.

- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, en data 02/08/2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 03/08/2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 24/08/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 24/08/2021.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 25/06/2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).





## Concello de Vigo

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "**HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I**" redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago Javier Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.229.999,99 €.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 24/08/2021.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENA E NOVE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.229.999,99 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 213.471,07 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do concello de vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.93 (HUM. RÚA ROMIL), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	1.229.999,99 €
TOTAL	1.229.999,99 €

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(908).- AMPLIACIÓN DO AD 202100005422-GASTO AUTORIZADO PARA O PAGO DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGUEIRO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ZONA FRANCA DOS LOCAIS Nº 1, 4 E 2 DO EDIFICIO DOTACIONAL DE MONTERO RÍOS. EXPTE. 7754/104.**

Visto o informe xurídico do 29/09/21 e o informe de fiscalización do 1/10/21, dáse conta do informe-proposta de data 27/09/21, asinado pola xefa do Servizo de Turismo, a concelleira-delegada de Área (RA 22/09/21), e polo conceleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 5 de xullo de 2010, acordou o arrendamento polo Concello de Vigo ao consorcio da Zona Franca de Vigo dos locais Nº1 e Nº4, no edificio dotacional de Montero Ríos-Xardíns de Elduayen con destino á oficina de turismo. (EXPTE. 2929/104) En dito contrato se establece un prazo de duración de dez anos.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de maio de 2013, acordou o contrato entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o arrendamento do local Nº2 do edificio dotacional de Montero Ríos e anexo de bonificación especial do contrato suscrito para o arrendamento dos locais Nº 1, Nº2 e Nº4 do edificio dotacional de Montero Ríos. (Expte. 4754-104).

En data 14 de outubro de 2020 a concelleira delegada da área de Turismo solicitou unha prórroga dos contratos de aluguer polo prazo dun ano.

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 12 de novembro de 2020 adoptou o seguinte acordo: **“Prorroga contrato de alugueiro entre o Concello de Vigo e a Zona Franca dos locais nº 1, 4 e 2 do edificio dotacional de Montero Ríos”** no que se compromete un gasto de 67.987,92€ (sesenta e sete mil novecentos oitenta e sete euros con noventa e dous céntimos) correspondendo 55.987,92€ (cincuenta e cinco mil novecentos oitenta e sete con noventa e dous euros) incluído IVE, con cargo ao presuposto de 2021 en concepto de alugueiro por un período de nove meses, incluíndo os meses de xaneiro a setembro, e a parte proporcional de consumos comúns por un máximo de 12.000€ (doce mil euros), con cargo á partida 4320.2020000 Arrendamento da Estación Marítima.

O contrato asinado inicialmente e posteriormente prorrogado estipula na **cláusulas quinta e sexta dos contratos locais 1 e 4 e local 2 respectivamente** os gastos que serán conta co Concello e no seu apartado b) relaciona os gastos comúns **“A parte proporcional e correspondente dos gastos comúns do edificio, tanto ordinarios como extraordinarios, tales como auga, electricidade, limpeza, calefacción, etcétera.”**

Con data 20 de xaneiro de 2021 autorizouse un gasto (AD 202100005422) por importe de 67.987,92€ para o período de xaneiro a setembro de 2021 (arrendamento: 55.987,92€ e parte proporcional de consumos comúns: 12.000€)

Con data 06/09/2021 o Consorcio Zona Franca de Vigo presenta pola plataforma face a factura de gastos común correspondentes aos tres locais, por importe de 1.627,45€. Unha vez tramitada polo servizo é devolta por Intervención por falta de dispoñible no AD.

A parte proporcional dos gastos comúns fan relación aos gastos de climatización, enerxía e limpeza dos locais que debido a o incremento no importe destes gastos que na actualidade existe xerou un gasto superior ao estimado nun principio,

Previo informe fiscalización pola intervención municipal pertinentes propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano competente segundo a Disposición adicional segunda punto undécimo da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público:

A ampliación do AD autorizado por importe de 1.076,48€ (diferencia entre o saldo dispoñible no AD 5422 (550,97€) e o importe total da factura (1.627,45€)

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

**13(909).- CONVENIO COA MERCANTIL CEETRUS URBAN PLAYER SPAIN S.A.U. INSTRUMENTANDO A CESIÓN DO DEREITO DE USO DE DETERMINADA SUPERFICIE LOCALIZADA NA CUBERTA DO CENTRO VIALIA-ESTACIÓN DE VIGO PARA O SEU DESTINO A PRAZA E PARA A REGULACIÓN DAS CONDICIÓN S DE UTILIZACIÓN, USOS, CONSERVACIÓN, REPOSICIÓN E MANTENEMENTO DE TAL SUPERFICIE. EXPTE. 604/406.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

**14(910).- PRÓRROGA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL DE ACCESOS E ATENCIÓN AO PÚBLICO DE VIGOZOO. EXPTE. 11156/612.**

Visto o informe xurídico do 27/09/21 e o informe de fiscalización do 30/09/21, dáse conta do informe-proposta do 23/09/21, asinado polo director de Réxime Interior de Vigo-Zoo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **1.- Antecedentes**

A Xunta de Goberno Local , con data 6 de xuño de 2019, acordou aprobar o expediente para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de VigoZoo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 26 de setembro de 2019 , adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo *“Adxudicar a EULEN, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612) por un prezo total de 102.224,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.741,36 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Con data de 21 de outubro de 2019 a empresa adxudicataria do Contrato asina o contrato para a prestación do servizo. En dito contrato recóllese na cláusula 4 o prazo do contrato, sendo este de dous anos, e o inicio dende o 22 de outubro de 2019. Contemplándose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

### **2.- Fundamentos de dereito:**

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece na súa Disposición transitoria primeira punto 2 que os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei, rexiránse, en canto os seus efectos, cumprimento e

extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Polo tanto, o artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas na cláusula 7. Prazo de execución, punto 3), recóllese que " Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.. O apartado 4. C da FEC contempla dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

A empresa que presta o servizo, " EULEN SA "con CIF: A28517308, non presentou documento de oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas e presenta solicitude de prórroga mediante escrito de data 03/09/2021 con número 210181562.

### **3.- Desenvolvemento do contrato actual.**

A empresa que desenvolve o servizo " EULEN SA "con CIF: A28517308, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio.

### **4- Prezo anual do contrato.**

A anualidade do contrato é de 51.112,02 euros Ive engadido.

#### **4.1 Prezo para o período da prórroga.**

Atendendo a que a primeira prórroga é por un ano de duración, distribúese o importe da anualidade cos seguintes importes: 7.332,60 euros para o 2021 e 43.779,42 euros para o ano 2022.

### **5.- Financiamento do contrato.**



## Concello de Vigo

O contrato financiase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria do presuposto vixente: 337.1.227.99.00 “Servizo de Taquilla”. A tales efectos, existe no orzamento en vigor unha retención de crédito na referida partida por importe de 7.332,60 (RC nº 202100007850)

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 21 de outubro, e debido a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a primeira prórroga do contrato “do servizo de atención e control ao público nas instalacións de VigoZoo”.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3. “En particular, no se entendera como exercicio de novas competencias: a ) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, procédese a tramitar a prórroga do contrato dos servizos de control de accesos e atención ao público nas dependencias de VigoZoo polo período dun ano dende o 22 de outubro de 2021 ata 21 de outubro do 2022, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas no apartado 7 á empresa “EULEN SA” con CIF: A28517308, sendo o importe total do período da prórroga de 51.112,02 euros con IVE.

Polo anteriormente exposto, ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, proponse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

**Primeiro:** Aprobar a prórroga dun ano do contrato para a prestación “do servizo de atención e control ao público nas instalacións de VIGOZOO”, á adxudicataria “EULEN SA” con CIF: A28517308, por acordo da XGL de 26/09/2019, dende o 22 de outubro de 2021 ao 21 de outubro de 2022.

O importe total do período da prórroga, 1 ano, de 51.112,02 euros con IVE, dende o 22 de outubro de 2021 ao 21 de outubro de 2022, con cargo a seguinte partida orzamentaria do orzamento vixente, 337.1.227.99.00 “Servizo de Taquilla”, cos seguintes importes: 7.332,60 euros para o 2021 e 43.779,42 euros para o ano 2022.

**Segundo:** Notificar o presente acordo de prórroga á empresa “EULEN SA” con CIF: A28517308, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo

ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(911).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez